

**DECRETO.-2016003274 - APROBACION DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS  
PARA A REALIZACION DE CABALGATAS DE REIS DO ANO 2016**

Coa finalidade de contribuir ao mantemento de tradicións tan populares como as Cabalgatas de Reis, apoiando o papel do tecido asociativo de carácter cultural na organización destas actividades e a celebración das mesmas en todas as parroquias do municipio, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da Cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, proponese á Alcaldía que dicte a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada por Decreto de Alcaldía núm. 1938 de 16 de xuño de 2015, na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no art. 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Da presente resolución daráselle conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes Bases da Convocatoria de Subvencións para a realización de Cabalgatas de Reis do ano 2016:

**BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA REALIZACIÓN DE CABALGATAS DE REIS DO ANO 2016**

**1. OBXECTO**

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar coas asociacións ou colectivos que organizaron Cabalgatas de Reis no municipio de Carballo no ano 2016.

**2. FINALIDADE**

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende contribuir ao mantemento de tradicións tan populares como as Cabalgatas de Reis, apoiando o papel do tecido asociativo de carácter cultural na organización destas actividades e a celebración das mesmas en todas as parroquias do municipio.

**3. SOLICITANTES**

Poderán solicitar estas subvencións as entidades de carácter cultural xuridicamente constituídas que estén rexistradas no Concello de Carballo ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- As actividades non persigan finalidades estrictamente de lucro.
- O ámbito de actuación sexa o término municipal de Carballo.
- Teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades culturais regularmente no mesmo.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello correspondente a exercicios anteriores.
- No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumplir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

**4. CRITERIOS DE CONCESIÓN E IMPORTE DAS AXUDAS**

Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano correspondente, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examinaranse e serán outorgadas sempre que se cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Cada asociación ou colectivo poderá presentar só unha solicitude de subvención a esta convocatoria. O importe das axudas establecerase segundo os seguintes criterios:

A efectos desta convocatoria enténdese por Cabalgata de Reis o desfile de figuras representando ós Reis Magos que saúdan ós nenos e que os agasallan con caramelos ou regalos polas principais vías ou camiños dunha parroquia. A Cabalgata debe celebrarse o día 5 ou 6 de xaneiro.

O importe das axudas para a realización de Cabalgatas de Reis nas parroquias ascenderá aos gastos totais assumidos pola entidade solicitante, ata un máximo de 500 €. Como norma xeral subvencionarase un máximo dunha Cabalgata de Reis por parroquia.

## 5. DOCUMENTACIÓN

As entidades que soliciten algunha subvención deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Carballo (preferentemente no Rexistro existente no Pazo da Cultura, Rúa do Pan s/n) no prazo de 10 días contado desde o día seguinte ao da publicación no BOP destas bases.

Dado que as Bases establecen o importe das axudas e que a actividade xa está realizada, xunto coa solicitude entregaráse a documentación precisa para a xustificación da subvención

As solicitudes presentaranse no modelo que a tal fin preparará o Concello de Carballo e no que deberá constar:

- a) Nome, endereço, teléfono e CIF da asociación ou agrupación ou colectivo solicitante. No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución assumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. Deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación.
- b) Nome e apelidos do representante da asociación ou colectivo, CIF, teléfono de contacto e endereço a efectos de notificación e fotocopia do DNI do representante da entidade.
- c) Nome do proxecto de actividade que se presenta a esta convocatoria.
- d) Declaración clasificada e detallada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizadas pola entidade, asínada pola secretario/a e presidente/a da asociación.
- e) Proxecto Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención, na que se incluirán os seguintes puntos: data e lugar de celebración, breve descripción da actividade, obxectivos e fins concretos aos que se destinarán as axudas, programa, destinatarios e número de participantes, responsable da actividade e outras entidades que colaboran.
- f) A memoria acompañarase de documentos que demostre a realización da actividade subvencionada, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... No caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarase o motivo.
- g) Facturas correspondentes as actividades ou gastos do programa subvencionado, por un importe igual ou superior á subvención concedida, e relación clasificada das facturas presentadas, con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acreedor, documento, importe e data de emisión.  
As facturas deberán ser orixinais ou photocopies compulsadas e deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todos caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concederá a subvención.
- h) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- i) Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- j) Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. Se a contía da subvención superase os 3000€ os beneficiarios deberán entregar certificación da Seguridade Social acreditando estar ao corrente das obrigas tributarias.
- k) O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo e coa Axencia Tributaria.
- l) Certificación da conta bancaria a nome da asociación.  
Declaración das axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

## 6. RESOLUCIÓN

6.1.- As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano correspondente, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2.- A relación de subvencións concedidas farase pública no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello e será notificada a todos os solicitantes no prazo dun mes desde a publicación da resolución.

6.3.- As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante o importe das axudas recibidos non poderá superar o custe total da actividade que se realiza.

6.4.- O pago das subvencións aprobadas realizarase mediante transferencia bancaria.

## 7. REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES

Se o importe da subvención concedida é inferior ao solicitado, de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións e no seu regulamento, as subvencións reformularanse de forma automática, entendéndose deste xeito, que o beneficiario estará comprometido a realizar a actividade subvencionada cun presupuesto total que poderá ser reducido na mesma porcentaxe na que se diminuiu o importe da subvención concedida.

## 8. OBRIGAS DOS PERCEPTORES

As entidades perceptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración relevante no presupuesto ou no proxecto da actividade deberá comunicarollo ao Concello, que deberá autorizar o cambio. No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. Deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación.
- b) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.  
No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- c) No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.
- d) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- e) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- f) Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- g) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financiero que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- i) Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se sinalan no apartado seguinte.
- j) Asumir todas as responsabilidades legais e civis das actividades que realizan.

## 9.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Prazo de xustificación

Dado que as Bases establecen o importe das axudas e que a actividade debe estar finalizada con data de 30 de novembro de 2016, xunto coa solicitude entregaráse a documentación precisa para a xustificación da subvención.

Finalizado o prazo sen que as entidades presentasen a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Cultura requiriralle para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de subvencións.

#### 9.2.- Documentación xustificativa.

- Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria da actividade realizada,dos resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o Concello.

- Ddocumentos que demostre a realización da actividade subvencionada, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... No caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarase o motivo.

- Declaración clasificada e detallada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizadas pola entidade, asínada pola secretario/a e presidente/a da asociación.

- Facturas correspondentes as actividades ou gastos do programa subvencionado, por un importe igual ou superior á subvención concedida, e relación clasificada das facturas presentadas con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acreedor, documento, importe e data de emisión.

As facturas deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas e deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todos caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concederá a subvención.

No caso de presentación de facturas por un importe inferior ao da subvención, aboarase só o importe presentado.

- Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. Se a contía da subvención superase os 3000€ os beneficiarios deberán entregar certificación da Seguridade Social acreditando estar ao corrente das obrigas tributarias.

- O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo e coa Axencia Tributaria.

#### 9.3 Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividades subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

### 10.-PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta do departamento de Cultura e da fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumplíu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento, en todo caso antes do último día hábil do 2016.

### 11. REVISIÓN E ANULACIÓN

10.1.- O Concello de Carballo reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a extender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

10.2.- En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello procederá á anulación total ou parcial da subvención.

### 12. OUTRAS DISPOSICIONES

12.1.- O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estén obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

12.2.- A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

12.3.- De conformidade coa la Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable

do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellería de Cultura comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimiento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no endereço electrónico [lpd@carballo.org](mailto:lpd@carballo.org) ou chamando ao tfno.981 704 703. O Concello suministrará os datos relativos ás subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **13.- FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 26 de novembro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o *Alcalde* deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

### **14.- NORMATIVA APPLICABLE**

Para todo aquello no previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.

### **15.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demás normática de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de datos nacional de subvencións información sobre a concesión das subvencións.

**Segundo.-** Aprobar un gasto por un importe total de 5.500 € (número de operación 2016000036888)con cargo á aplicación orzamentaria 3340.-4890000 dos Orzamentos Xerais do Concello de Carballo para facer fronte ao pago das subvencións previstas nas Bases da Convocatoria de subvencións para a realización de Cabalgatas de Reis 2016.

Dado que non se coñece neste momento o número definitivo de solicitantes, non é posible determinar con antelación o importe total definitivo do presupuesto necesario para esta convocatoria, polo que o importe total do gasto que se aproba estimouse en función do número habitual de solicitantes de anos anteriores e dos importes previstos nestas Bases.

Carballo, 25 de novembro de 2016

DEO